

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 45****TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTÓMATICOS ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

ARTIGO 4º. TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático o ano:	3.000,00	€
---	----------	---

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva licenza ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro.



ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houbera producido o aproveitamento citado.

2. O Concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda. O pagamento da Taxa se realizará nas entidades bancarias que establecese o Concello.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 6 de abril de 2016 e entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.